

En Santiago de Compostela,

INTERVEÑEN:

Dunha parte, Nuria Aguilar Vázquez, directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, que actúa por delegación do conselleiro de Facenda e Administración Pública (Orde do 8 de xaneiro de 2020, DOG Núm. 16 do 24.01.2020).

Doutra parte,, maior de idade.

ACORDAN:

PRIMEIRO., comprométese a prestar os seus servizos na categoría (.....), do grupo, en virtude do establecido na orde da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se lle nomee persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

SEGUNDO. A persoa contratada deberase axustar ás instrucións que reciba dos seus superiores xerárquicos. Tamén lle serán aplicables os regulamentos, as instrucións e as circulares de funcionamento para o seu posto de traballo, no marco do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

TERCEIRO. De acordo coa súa natureza, este contrato subscríbese por tempo indefinido e a persoa contratada terá a condición de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

CUARTO. A xornada laboral será a establecida para o persoal laboral da Xunta de Galicia e realizarase de acordo co disposto no V Convenio colectivo único.

QUINTO. A persoa contratada gozará dun período de vacacións anuais retribuídas de conformidade co establecido no V Convenio colectivo único.

SEXTO. A presente relación laboral queda suxeita ao período de proba regulado polo artigo 14º do Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, que neste caso será de Durante o período de proba, calquera das partes poderá rescindir o contrato. A situación de incapacidade temporal que afecte ao/á traballador/a durante o período de proba interrompe o cómputo deste. Esta cláusula non será de aplicación no caso de que a persoa estea afectada polo previsto no último parágrafo do artigo 14.1 do Estatuto dos traballadores.

SÉTIMO. A persoa contratada percibirá retribución mensual de acordo coa táboa salarial do convenio vixente, referida á categoría (.....), do grupo Do soldo mencionado será deducible o pagamento do importe do imposto sobre a renda das persoas físicas e maila cota correspondente en cumprimento das disposicións vixentes sobre seguridade social ou as que poidan ditarse no futuro.

OITAVO. A persoa contratada terá dereito a dúas pagas extraordinarias ao ano, que se aboarán co salario mensual de xuño e decembro, por importe, cada unha delas, da equivalente mensalidade do salario base do convenio maila antigüidade. A contía das pagas extraordinarias será proporcional ao tempo traballado durante o ano.

NOVENO. A presente relación é de carácter exclusivamente laboral, polo que lle será de aplicación o vixente Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e as demais disposicións que resulten de aplicación.

DÉCIMO. As cuestións que poidan suscitarse, derivadas deste contrato, serán sometidas aos órganos xurisdiccionais da orde social na forma determinada nos artigos 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

CLÁUSULA ADICIONAL PRIMEIRA: O presente contrato queda condicionado á publicación no DOG da resolución de nomeamento á que se refire a cláusula primeira.

CLÁUSULA ADICIONAL SEGUNDA: A data de comezo da prestación de servizos será o día de toma de posesión no posto de traballo.

E para que conste e produza os efectos oportunos, queda redactado e asinado este contrato que se rexistrará na oficina de emprego.

O/A interventor/a delegado/a da
Consellería de Facenda e Administración Pública

O/A representante dos/as traballadores/ras

A directora xeral de Emprego Público
e Administración de Persoal

A persoa contratada